

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3020

Feitos

Con data do 23 de abril do 2025, o profesor Eduardo Guillén Solórzano, presidente da comisión de selección da praza 25/3020, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Empresa, (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), comunica que os seguintes membros da comisión incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas:

Martínez Carballo, Manuel: representante dos/das traballadores/as

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución da representante dos/das traballadores/as.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Representante dos/das traballadores/as: substitúese a Manuel Martínez Carballo por Félix Blázquez Lozano, proposto polo comité de empresa con data do 23 de abril de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández